



PLAN DIXITAL

CPI Camiño de Santiago

Versión 1.0 - Xuño de 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introducción.	
1.1. Datos básicos do centro	3
1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do Plan Dixital ao P. E. do Centro	4
1.3. Breve xustificación do mesmo	4
1.4. Proceso de elaboración	5
2. Situación de partida.	
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	5
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO	6
2.3. Análise DAFO	8
3. Plan de acción.	
3.1. Obxectivos, indicadores e accións	10
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas	15
4. Avaliación do Plan Dixital.	
4.1. Seguimento do Plan de Acción	17
4.2. Propostas de mellora (revisión)	17
5. Difusión do Plan Dixital	18

1. Introducción.

1.1. Datos básicos do centro.

Preséntase o Plan Dixital do CPI Camiño de Santiago no Concello de O Pino. Os datos do CPI Camiño de Santiago son os seguintes:

Enderezo			C.P.
Rúa do Concello 16			15821
Localidade	Concello	Provincia	
Arca (Santaia)	O Pino	A Coruña	
Tfno.	Fax	Correo electrónico	
881867011	881867013	cpi.camino.santiago@edu.xunta.gal	
Páxina web	https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaminosantiago/		

O centro oferta na actualidade as etapas educativas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, co seguinte reparto do alumnado:

Etapas	Nº de alumnado
Educación Infantil	71
Educación Primaria	180
Educación Secundaria	106

No centro prestan servizo un total de 39 docentes, segundo a seguinte distribución:

	Definitivo	Provisional	Itinerante	Total
Mestres	18	5	0	23
P. E. S.	10	2	0	12
Catedráticos/as	2	0	0	2
Outros	1	0	1	2
				39

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo do Centro.

O Proxecto Educativo do CPI Camiño de Santiago é un documento que está en proceso de elaboración e posterior aprobación. O presente Plan Dixital é unha ferramenta que formará parte do mencionado Proxecto Educativo unha vez finalizado.

O CPI Camiño de Santiago sitúase no Concello de O Pino, na provincia de A Coruña. Enmárcase nunha zona fundamentalmente rural e recibe alumnado dunha ampla contorna. O contexto socioeconómico sitúase nun ámbito agrícola e gandeiro a pequena escala, presentando ademais unha forte actividade relacionada co sector hosteleiro, vencellada ao camiño de Santiago, do que toma o nome o centro.

As actividades previstas no presente plan serán incluídas dentro da Programación Xeral Anual do vindeiro curso 2022 - 2023, coa fin de que se acaden os obxectivos que nel están establecidos.

1.3. Breve xustificación do mesmo.

As tecnoloxías da información e a comunicación supoñen un conxunto de medios de gran importancia e que abren un amplo abano de posibilidades non só no contexto do ensino e as aprendizaxes, senón en practicamente calquera ámbito da vida cotiá. Por este motivo, o desenvolvemento con destreza nas contornas da comunicación e o tratamento da información por medios tecnolóxicos é unha tendencia que se vai ir consolidando na sociedade actual. Máis aínda, no escenario dunha pandemia como a que actualmente estamos a vivir, que obriga en moitas ocasións a ter que traballar, formarse ou relacionarse a distancia, o ser dixitalmente competentes é un obxectivo crucial para toda a sociedade, e máis aínda no ámbito educativo. E, en especial, para o alumnado e os/as docentes.

O presente Plan establécese coa fin de implementar unha serie de actuacións que poidan conlevar unha mellora da competencia no tratamento da información e a comunicación para os membros da comunidade educativa do CPI Camiño de Santiago.

A normativa de aplicación é a seguinte:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art.132 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan

instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración.

O presente Plan Dixital elaborouse coa participación dos integrantes do PFPP D^a Ana Belén Gil Ferro, D^a Beatriz Vives Campos e D. Carlos Vázquez Pereiro (coordinador), membros/as do equipo de formación, xunto coa colaboración de D. Antonio Carril Regueiro (responsable de dinamización de novas tecnoloxías da información e comunicación e coordinador Abalar do centro). Establecéronse reunións periódicas durante as cales o coordinador do PFPP foi expoñendo a información de interese para a elaboración do plan. Contouse coa asistencia e o asoramento do mentor asignado ao centro, D. Jorge Fernández Otero. Durante as reunións realizáronse as labores de planificación, coordinación e reparto da actividade do grupo, ata chegar á redacción final do plan para ser aprobado, se procede, polo Consello Escolar do centro, unha vez oído o Claustro de Profesores/as.

2. Situación de partida.

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

O CPI Camiño de Santiago conta cunha dotación de equipamento informático moi obsoleta.

Dispónse de dúas aulas de informática, unha para Educación Infantil e Primaria, e outra para a ESO. No curso 2021 – 2022, ao igual que no anterior, a aula de informática da ESO tivo que ser convertida nunha aula de referencia para un grupo, polo que perdeu a súa anterior función. Por tanto, todo o alumnado do centro está compartindo a aula de Informática de EI e EP, coa dificultade engadida da non coincidencia dos cambios horarios entre as diferentes etapas educativas.

O centro dispón de equipos Abalar en 5º e 6º de EP, e tamén en 1º e 2º de ESO. Son dispositivos antigos, desfasados e de potencia moi limitada. As aulas contan, en xeral, cun ordenador, se ben se trata de aparatos con moitos anos de antigüidade (habitualmente entre dez e quince) e que precisan con frecuencia de tarefas de mantemento, que realiza cando é posible o coordinador TIC, e cando non o é un servizo externo costeado polo centro.

A conexión de internet inalámbrica ten alcance limitado. En todas as aulas dispónse de conexión por cable. Existen pizarras dixitais na maior parte das aulas do centro.

As comunicacións coas familias realízanse a través da páxina web do CPI, do servizo Abalarmóvil e da Aula Virtual do centro. Esta última é empregada por todo o profesorado na súa actividade profesional e de comunicación con alumnado e familias, e tamén como medio para a actividade de ensino-aprendizaxe. En torno a un 28% do alumnado de Educación Infantil, un 24% en Educación Primaria e un 12% en Educación Secundaria ten dificultades de conectividade dende o seu domicilio.

A web do CPI Camiño de Santiago e da súa aula virtual teñen, respectivamente, as seguintes direccións URL:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaminosantiago/>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/cpicaminosantiago/aulavirtual/>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

En primeiro lugar, a finais da primeira avaliación realizouse unha enquisa Selfie para a diagnose da realidade do centro en relación ao uso das TIC. Os resultados foron os seguintes:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A. Liderado	Equipo Directivo	3,4	2
	Profesorado	3,1	3,3
	Alumnado		
B. Colaboración e redes	Equipo Directivo	3	1,5
	Profesorado	2,8	2,9
	Alumnado	3,1	2,4
C. Infraestruturas e equipos	Equipo Directivo	3,3	2,3
	Profesorado	3	2,9
	Alumnado	3,2	2,8
D. Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3,8	1
	Profesorado	3,1	4
	Alumnado		
E. Pedagogía: apoio e recursos	Equipo Directivo	3	3,5
	Profesorado	3,9	3,8
	Alumnado		3,2
F. Pedagogía: implementación na aula	Equipo Directivo	2,8	3
	Profesorado	3,2	2,6
	Alumnado	3	2,3
G. Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2,6	3
	Profesorado	2,7	1,9
	Alumnado		2
H. Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,3	3
	Profesorado	3	2,8
	Alumnado	3,9	2,6

Así mesmo, realizouse un Test de Competencia Dixital Docente en coordinación co Centro Autonómico de Formación e Innovación. Os/as docentes participantes e os resultados acadados nesta proba son os que se amosan de seguido:

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% participación
DEFINITIVO	16	29	55,2%
PROVISIONAL	1	3	33,3%
INTERINO	0	1	0%
SUBSTITUTO	3	5	60%
DESPRAZADO	3	4	75%

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,9	Integrador (B1)	76,4	Integrador (B1)

Por etapas educativas:

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
E. Infantil	73,3	Integrador (B1)	68,2	Integrador (B1)
E. Primaria	80,3	Integrador (B1)	77	Integrador (B1)
E. S. O.	81,8	Integrador (B1)	79,2	Integrador (B1)

As puntuacións acadadas correspóndense cunha graduación en bloques A1, A2, B1, B2, C1 e C2, coa seguinte distribución:

	Total profesorado no nivel de competencia	% do profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	10	43,5%
B1	8	34,8%
B2	3	13%
C1	1	4,3%
C2	1	4,3%
TOTAL	23	99,9%

Os datos revelan que a competencia dixital docente no CPI Camiño de Santiago é lixeiramente superior á media do profesorado na comunidade autónoma de Galicia.

Porén, os resultados consignados no Selfie amosan que existe asemade unha marxe de mellora na capacitación dixital dos/as docentes (bloques D, F, G). Este feito motiva un dos obxectivos do Plan de Acción do presente Plan Dixital, que vai ser incrementar a competencia dixital do profesorado (xunto coa do alumnado).

2.3. Análise DAFO.

Dos resultados obtidos en ambas actividades diagnósticas (enquisa Selfie e test CDD), pódense extraer diversas conclusións. En conxunto, é posible observar diferentes áreas, clasificadas por bloques, en que o noso centro de ensino presenta fortalezas (F) e tamén debilidades (D), e ao que tamén se lle engaden ameazas (A) e oportunidades (O) na situación actual (de aí o acrónimo DAFO)

Todos estes factores son os que van contextualizar os obxectivos que se van precisar no presente documento, e que se van tratar de alcanzar mediante unha sucesión de accións encamiñadas a cumprir con eles.

En primeiro lugar, para as fortalezas e debilidades, que constitúen os factores internos ou inherentes ao centro educativo, consideramos os seguintes:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Aulas con <u>ratios baixas na maior parte do alumnado do centro (C1)</u> .	Dispositivos de <u>ensino/aprendizaxe</u> insuficientes/obsoletos (C2 e C8). Asistencia técnica <u>mellorable (C5)</u> . Protección de datos <u>insuficiente (C7)</u> . Internet <u>mellorable (C3)</u> . Aula de informática ESO reconvertida por mor da COVID (C14 OP). Ratios altas na ESO (C14 OP).
	PERSOAL DOCENTE	O <u>persoal docente</u> é colaborador e <u>coordínase</u> entre si e tamén co equipo directivo (A4 OP). Comunicación fluida con todos os <u>membros da comunidade educativa (E4)</u> . O profesorado participa en programas de <u>desenvolvemento profesional (D2)</u> .	Competencia <u>dixital</u> do profesorado <u>mellorable (D1, G)</u> . Debate dentro do equipo docente sobre as <u>tecnoloxías e ferramentas TIC con marxe de mellora (B2)</u> .
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		Competencia <u>dixital</u> do alumnado con <u>marxe de mellora (H)</u> .
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO		Inexistencia <u>dun Plan Dixital</u> de centro (A1, B). Horarios de EI, EP e ESO non coincidentes (C14 OP).

En canto ás oportunidades e ameazas, conforman os factores externos ao centro:

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Avance no uso da <u>tecnoloxía na aula e nos domicilios do alumnado (C2, C3, C8, C10 OP, C11 OP, C12 OP)</u> . Actualización do <u>equipamento TIC do centro (C1)</u> . <u>Mellora na formación dixital dos/as docentes (D1)</u> .	Sobrecarga de <u>tarefas administrativas (A)</u> . Cambios <u>lexislativos</u> constantes (A). <u>Publicidade de materiais eDixgal</u> insuficiente (C5).
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA	Implicación das familias no uso de <u>tecnoloxías TIC na formación dos seus fillos/as (H)</u> .	A comprensión da <u>comunidade educativa</u> cara á labor docente <u>ás veces é mellorable (C12 OP)</u> .
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	Promoción das <u>relacións con outros centros e institucións sociais, culturais e educativas (A6, B3, B4 OP)</u> .	

Todos os factores anteriores, codificados en relación ao apartado Selfie correspondente, constitúen o contexto no que se deben levar a cabo as actuacións dirixidas á mellora da dixitalización no CPI Camiño de Santiago, e que se desenvolverán no punto seguinte.

3. Plan de acción.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

Dos feitos constatados pola información exposta no punto anterior, é evidente que existen numerosos elementos que debemos considerar. Observar tanto as debilidades como as oportunidades pode ser un bo camiño a seguir á hora de establecer accións concretas, ben co obxectivo de erradicalas ou minoralas, no primeiro caso, ou ben de progresar e desenvolverse nos ámbitos descritos no segundo.

Lóxicamente, as expectativas de mellora non son as mesmas en todos os puntos, e as actividades deste Plan de Acción deben priorizar aqueles aspectos que sexan máis importantes e onde exista unha maior capacidade para obter resultados. Os obxectivos a prantexarse deben ser "SMART", isto é, específicos (**S**pecific), medibles (**M**easurable), alcanzables (**A**chievable), relevantes (**R**elevant) e definidos no tempo (**T**ime bound).

Tendo en conta o anterior, os obxectivos a considerar para o vindeiro curso 2022 - 2023 pretenderán fomentar un incremento da competencia dixital do alumnado e o profesorado do centro, en primeiro lugar. Os resultados da enquisa Selfie son unha mostra clara da pertinencia deste propósito:

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A. Liderado	Equipo Directivo	3,4	2
	Profesorado	3,1	3,3
	Alumnado		
B. Colaboración e redes	Equipo Directivo	3	1,5
	Profesorado	2,8	2,9
	Alumnado	3,1	2,4
C. Infraestruturas e equipos	Equipo Directivo	3,3	2,3
	Profesorado	3	2,9
	Alumnado	3,2	2,8
D. Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3,8	1
	Profesorado	3,1	4
	Alumnado		
E. Pedagogía: apoio e recursos	Equipo Directivo	3	3,5
	Profesorado	3,9	3,8
	Alumnado		3,2
F. Pedagogía: implementación na aula	Equipo Directivo	2,8	3
	Profesorado	3,2	2,6
	Alumnado	3	2,3
G. Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2,6	3
	Profesorado	2,7	1,9
	Alumnado		2
H. Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,3	3
	Profesorado	3	2,8
	Alumnado	3,9	2,6

En segundo lugar, e incluído no apartado H da táboa anterior, consideramos como obxectivo formar ao alumnado no uso das novas tecnoloxías, sensibilizándoo sobre os seus riscos.

En terceiro lugar, sería moi importante contar no centro cun equipamento en tecnoloxías da información e da comunicación apropiado e suficiente. Será o noso obxectivo adquirir aqueles equipamentos necesarios, dentro das posibilidades orzamentarias do centro.

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A. Liderado	Equipo Directivo	3,4	2
	Profesorado	3,1	3,3
	Alumnado		
B. Colaboración e redes	Equipo Directivo	3	1,5
	Profesorado	2,8	2,9
	Alumnado	3,1	2,4
C. Infraestruturas e equipos	Equipo Directivo	3,3	2,3
	Profesorado	3	2,9
	Alumnado	3,2	2,8
D. Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	3,8	1
	Profesorado	3,1	4
	Alumnado		
E. Pedagogía: apoio e recursos	Equipo Directivo	3	3,5
	Profesorado	3,9	3,8
	Alumnado		3,2
F. Pedagogía: implementación na aula	Equipo Directivo	2,8	3
	Profesorado	3,2	2,6
	Alumnado	3	2,3
G. Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	2,6	3
	Profesorado	2,7	1,9
	Alumnado		2
H. Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,3	3
	Profesorado	3	2,8
	Alumnado	3,9	2,6

Por todo o anterior, establecemos o seguinte plan de acción para os obxectivos sinalados, coas actuacións que se determinan a continuación e cos indicadores, persoal responsable e temporalización, entre outros, que se indican de seguido:

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D).						
OBXECTIVO 1:	DETECTAR E MELLORAR AS NECESIDADES DO PROFESORADO NO RELATIVO Á COMPETENCIA DIXITAL (D2)				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo.				Non Acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de participación en cursos de formación vencellados coas TICs.					
Valor de partida:	0% de participación en curso de formación.					
Valor previsto e data:	20% de participación de profesorado.			21/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Demanda de actividades formativas para a aprendizaxe en tecnoloxías da información e a comunicación, creación de contidos dixitais, etc.	Equipo directivo e profesorado.	30 de outubro de 2022	Equipos informáticos con conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Participación nunha liña do PFPP do centro ou en cursos ofertados por PLATEGA/CAFI de xeito individual	Profesorado	21 de xuño de 2023	Equipos informáticos con conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Implementación na aula dos coñecementos adquiridos na formación que enriquezan o proceso de ensino	Profesorado	21 de xuño de 2023	Equipos informáticos con conexión a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Competencias dixitais do alumnado (H).						
OBXECTIVO 2:	FOMENTAR UN COMPORTAMIENTO SEGURO E RESPONSABLE DO ALUMNADO ATENDENDO AOS RISCOS DA INTERNET (H1, H3)				Acadado	
Responsable:	Equipo Directivo.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de actividades realizadas sobre a concienciación acerca do uso das novas tecnoloxías.					
Valor de partida:	0 actividades realizadas.					
Valor previsto e data:	2 actividades realizadas.			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Procura, solicitude e coordinación de actividades para incrementar a competencia dixital do alumnado (talleres, charlas, etc).	Equipo directivo, profesorado e equipo TIC	22 de decembro de 2022	Equipos informáticos con conexión a internet. Teléfono. Material para escritura e impresora.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Realización de actividades complementarias impartidas por persoal externo con capacitación no eido das TIC.	Equipo directivo	21 de xuño de 2023	Salón de Actos/ Biblioteca Ordenador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos.						
OBXECTIVO 3:	ACTUALIZAR OS EQUIPAMENTOS MÁIS OBSOLETOS (C8).				Acadado	
Responsable:	Equipo directivo e coordinador de TICs.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Cantidade de equipos renovados.					
Valor de partida:	0 equipos renovados.					
Valor previsto e data:	5 equipos renovados.			21/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Confección dun inventario dos equipos obsoletos e/ou que presentan deficiencias.	Equipo directivo, profesorado e coordinador de TICs	22 de decembro de 2022	Material de escritura. Equipo informático destinado ao efecto.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Solicitud dun orzamento dos equipamentos que se deban renovar.	Equipo directivo e coordinador de TICs	22 de decembro de 2022	Teléfono e/ou ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Substitución dos equipos, por orde de prioridade de funcionamento.	Equipo directivo	21 de xuño de 2023	Recursos necesarios para a realización das actividades, a determinar polo relator/a formador/a.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	


Cómpre mencionar, en derradeiro lugar, que dende o CPI Camiño de Santiago se vai solicitar a participación no programa de innovación educativa Polos Creativos. Está aínda en curso a presentación da documentación correspondente ante o Claustro do Profesorado e o Consello Escolar, e pendente dunha eventual concesión por parte das administracións educativas.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

A infraestrutura tecnolóxica do CPI Camiño de Santiago é moi obsoleta e deficiente, e ademais sofre un problema de uniformidade: conviven equipos proporcionados no seu día pola Consellería, que dispoñen de sistemas operativos Linux, con outros que o centro se viu na necesidade de ter que mercar -a costa do orzamento do mesmo e renunciando a destinalos a outras actividades e recursos-, e que viñeron provistos dun sistema Windows. Esta falta de uniformidade implica dificultades e limitacións no aproveitamento que se pode obter dos equipos.

En canto aos ordenadores en si, que están empregando conxuntamente o persoal docente, o non docente e o alumnado, pódese facer unha descrición obxectiva da antigüidade dos mesmos mediante as seguintes estatísticas.

Nº de equipos	2009 ou anteriores	2010 a 2012	2013 a 2015	2015 a 2018	2018 a 2021	Totais
De sobremesa	33	20	7	2	6	68
Portátiles	17	14	3	1	4	39
Totais	50	34	10	3	10	107
% acumulado	47%	79%	88%	91%	100%	



Alguns datos relevantes sobre estes equipos, que expoñen a crúa realidade:

- Case a metade dos equipos teñen unha antigüidade superior aos 13 anos.
- Prácticamente o 80% dos ordenadores, isto é, catro de cada cinco, teñen unha antigüidade superior aos 10 anos.
- Tan só hai no centro 13 dispositivos, un 12% do total, cunha antigüidade de 7 anos ou inferior. Nalgúns casos tamén son equipos con anos.
- Existe así mesmo unha cantidade significativa e relevante dos equipos, exactamente un 15% do total, que teñen unha antigüidade superior aos 15 anos.

Estamos a falar de equipamentos electrónicos que sofren de deterioro frecuente, debido ao seu uso, por unha cuestión de idade, e que precisan un mantemento reiterado para estar mínimamente operativos.

Pero non só iso: trátase de produtos informáticos. E como tales, sofren especialmente de desactualización nun período breve de tempo. No caso dos ordenadores do noso centro, a inmensa maioría deles teñen unha idade en que, se se tratase dun automóvil, xa sería vello; pero neste caso, ao tratarse de equipos informáticos, resulta difícil explicar ás familias como se lles vai proporcionar aos seus fillos/as unha formación en dixitalización cuns medios tan antigos; nun ámbito, o informático, que cambia con tanta rapidez e tan importante xa non só no futuro, senón hoxe mesmo, cuns dispositivos con semellante desfase.

Así mesmo, os grupos de 5º e 6º de Educación Primaria e 1º e 2º de Educación Secundaria dispoñen nas súas aulas de equipos Abalar. Estes dispositivos, con data de 2009, eran no seu día dunha potencia verdadeiramente limitada, e trece anos máis tarde están sendo mantidos co esforzo do centro a pesar das penalidades cotiás no seu uso, a falta doutra alternativa.

No noso CPI non se dispón de conexión por fibra. A rede ADSL ten certas carencias, especialmente se se trata de conectar múltiples equipos simultaneamente, como por exemplo no traballo cun grupo de alumnado. A cobertura inalámbrica por Wifi ten asemade limitacións non só no volume de transmisión de datos, senón tamén en canto á cobertura física dos espazos do centro.

A todo o anterior é necesario engadir que existen múltiples aulas do centro que non dispoñen dunha pizarra dixital: sete aulas de Educación Secundaria, nun centro que conta só cunha liña. Son a actual aula de 1º de ESO (antes da pandemia era a aula de informática de ESO, que actualmente está inhabilitada como tal), a aula de 3º de ESO, a aula de 4º de ESO (do mesmo xeito, antiga aula de EPVA, actualmente

inhabilitada nesa función), a aula de Música de ESO, o taller de Tecnoloxía, o laboratorio de Física e Química e o laboratorio de Bioloxía e Xeoloxía.

Que se esté a traballar na actualidade cuns dispositivos e nas condicións que se acaban de describir é unicamente explicable polo esforzo que están a facer dende hai tempo, por unha banda, D. Antonio Carril Regueiro, docente deste centro de ensino, a costa dun compromiso persoal fóra do común; e por outra, os limitados recursos económicos do mesmo centro, que precisa con frecuencia dun servizo externo para o mantemento destes dispositivos. Esta situación, por motivos obvios, non é sostible durante moito máis tempo.

4. Avaliación do plan.

4.1. Seguimento do Plan de Acción.

No seguimento do grao de consecución dos obxectivos fixados neste Plan Dixital farase unha avaliación procesual en relación a aquelas accións que deban ser executadas dentro dun determinado trimestre. No suposto de que as actuacións transcorran con demora, tratarase de darlles cumprimento coa maior dilixencia que sexa posible para favorecer a consecución dos obxectivos. Nesta avaliación procesual, revisarase o estado das accións ao cabo do trimestre en que se prevé que teñan lugar.

Por outra banda vaise facer, asemade, unha avaliación final empregando os indicadores establecidos no Plan de Acción para cada obxectivo. Esta avaliación terá lugar ao final do curso académico 2022 – 2023.

O grao de consecución dos obxectivos condicionarán os que se deban considerar en vindeiros cursos académicos nos seus respectivos plans dixitais.

4.2. Propostas de mellora (revisión).

Os integrantes referidos no apartado 1.4 valorarán, ao final do vindeiro curso académico 2022 – 2023, a consecución dos obxectivos propostos neste documento. Nese momento, o Plan Dixital será reavaliado e determinaranse novos propósitos para o seguinte curso académico, sen prexuízo de que poida ser revisado durante o transcurso da temporalización establecida nel, se se apreciasen circunstancias que poidan propugnar a reconsideración e/ou reedición tanto dos obxectivos como das accións a poñer en práctica en función de eventuais circunstancias sobrevidas.

5. Difusión do plan.

O presente Plan Dixital do CPI Camiño de Santiago para o curso 2022 - 2023 será difundido a toda a comunidade educativa, tras a súa aprobación polo Consello Escolar, a través da páxina web do centro. No caso particular do alumnado, será informado das actividades establecidas no Plan de Acción que lles afecten a través dos cauces habituais, é dicir, a través da acción tutorial.

Pedrouzo, 10 de xuño de 2022.